



DNI:

SINATURA:

PROCESO SELECTIVO DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A, BIBLIOTECARIO/A-ARQUIVEIRO/A PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR DA PRAZA E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA, A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

FASE DE OPOSICIÓN: 1º EXERCICIO. EXAME TEÓRICO TIPO TEST

Data: 04/04/2024

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EXAME TIPO TEST

- 1.- O exame é de carácter obrigatorio e eliminatorio e consiste en responder por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas.
- 2.- Cada pregunta tipo test ten tres respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta.
- 3.- Engádense 5 respostas adicionais de reserva que se deberán responder cos mesmos criterios que a parte principal do cuestionario. Estas preguntas só se valorarán no caso de que se anulen algunhas das 40 preguntas do cuestionario tipo test.
- 4.- Esta proba cualificarase polo Tribunal cualificador de 0 a 20 puntos. As respostas incorrectas e en branco non restarán.
É necesario alcanzar un mínimo de 10 puntos para entender superado o exercicio.
- 5.- Para a realización desta proba dispórase dun tempo máximo de 60 minutos.
- 6.- Sinalar a resposta correcta marcando a opción elixida con unha “X”. Poderá anulala marcando con un círculo enriba da letra correspondente á resposta que se queira anular e seleccionar de novo con unha “X” a resposta que considere correcta. Considerarase como errónea aquelas preguntas que conteñan emendas ou tachaduras en máis dunha das opcións de resposta.
- 7.- Unha vez iniciado o exame ningún/ha opositor/a poderá abandonar a sala. No caso de facelo, anularase o exame e recolleráselle o cuestionario.
- 8.- Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que poida valerse o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.
- 9.- As persoas que precisen un certificado de asistencia poderán pedilo a calquera membro do tribunal e será expedido pola secretaria do mesmo.



DNI:

SINATURA:

EXAME TIPO TEST 40 PREGUNTAS

1.- Segundo o artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a obriga de confidencialidade e o deber de segredo profesional:

- a. Terminarán cando finalizase a relación do obrigado co responsable ou encargado de tratamento.
- b. Manteranse por un período de cinco anos tras a finalización da relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
- c. Manteranse aínda cando finalizases a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.**

2.- Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entre os actos administrativos que haberán de motivarse, non se atopan:

- a. Os que recoñezan dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.**
- b. Os acordos de ampliación de prazos.
- c. Os que rexeiten probas propostas polos interesados.

3.- Segundo o artigo 23 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

- a. Os arquivos teñen a potestade de proporcionar acceso aos documentos e á información que conteñen, previa identificación.
- b. Os arquivos teñen a obriga de proporcionar acceso aos documentos e á información que conteñen por medio dos instrumentos de consulta accesibles na rede, sen barreiras de identificación.**
- c. Os arquivos solicitarán a identificación ás persoas que desexen acceder aos documentos e á información que conteñen.

4.- Segundo o artigo 39 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, os arquivos xerais territoriais.

- a. Cumpren as funcións de arquivos históricos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia na respectiva provincia.
- b. Exercerán como arquivos centrais e intermedios xerais das delegacións territoriais da Xunta de Galicia e das entidades sinaladas no artigo 35 de ámbito provincial ou territorial.**
- c. Exercerán como arquivos intermedios e históricos das delegacións territoriais da Xunta de Galicia e das entidades sinaladas no artigo 35 de ámbito provincial ou territorial.

5.- Sinalar a resposta correcta en relación co principio de procedencia para a organización de arquivos:

- a. Nos arquivos históricos priorizárase a organización cronolóxica fronte ao principio de procedencia para garantir a localización dos fondos.
- b. Debe identificarse a entidade produtora dos documentos, a dependencia produtora, as funcións**



DNI:

SINATURA:

desenvolvidas e os documentos producidos agrupados en series.

c. Para a aplicación deste principio é necesario coñecer a materia da que tratan os documentos e separalos segundo unha clasificación predeterminada.

6.- Segundo a teoría das idades dos documentos, sinalar a resposta incorrecta:

a. Na idade intermedia, os documentos atópanse en fase de circulación e tramitación.

b. Na idade histórica, o documento adquire valor permanente e o seu uso será polo seu valor cultural ou de investigación.

c. Na idade administrativa, os documentos atópanse baixo a responsabilidade e manexo directo das unidades administrativas.

7.- Estarán obrigados a relacionarse electronicamente coa administración:

a. As persoas físicas en todo caso.

b. As persoas xurídicas.

c. Os que exerzan actividade profesional con independencia de que sexa necesaria a súa colexiación.

8.- En arquivos, que instrumento de consulta reflicte a organización dun fondo documental ou dos fondos dun arquivo e achega datos esenciais da súa estrutura?

a. O inventario.

b. O catálogo.

c. O cadro de clasificación.

9.- Segundo a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, a que corresponde a seguinte definición: “conxunto de documentos que testemuñan a actividade desenvolvida de forma continuada no tempo por un ou varios suxeitos produtores no exercicio dunha determinada función e regulada xeralmente por unha mesma norma de procedemento”?

a. Fondo documental.

b. Serie documental.

c. Sección documental.

10.- Segundo o artigo 8 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, os documentos de titularidade pública son:

a. Inalienables, patrimoniais e inembargables.

b. Inalienables, inventariables e inembargables.

c. Inalienables, imprescritibles e inembargables.

11.- Son elementos do municipio:



DNI:

SINATURA:

- a. O territorio, o escudo e a bandeira municipal.
- b. O territorio e a organización.
- c. **O territorio, a poboación e a organización.**

12.- De acordo co artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ademais do resto de dereitos previstos nesta lei, os interesados no procedemento administrativo, teñen os seguintes dereitos:

- a. A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b. A non presentar datos e documentos non exixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate que xa se encontren en poder das administracións públicas ou que fosen elaborados por estas.
- c. **Todas as anteriores son correctas.**

13.- Segundo o artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a. **Salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes.**
- b. Salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e vinculantes.
- c. Salvo disposición expresa en contrario, os informes serán obrigatorios e non vinculantes.

14.- De acordo coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno:

- a. **O solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información.**
- b. O solicitante está obrigado, en todo caso, a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- c. O solicitante está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información cando afecte a dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

15. O concepto de arquivo refírese a:

- a. **Conxunto orgánico de documentos ou a reunión de varios deles, producidos ou reunidos polas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.**
- b. Institución de carácter permanente que adquire, conserva, investiga, comunica e exhibe para fins de estudo, educación e contemplación conxuntos e coleccións de valor histórico, artístico, científico e técnico ou de calquera outra natureza cultural.
- c. Local onde se conservan e consultan os conxuntos orgánicos de libros, manuscritos e outros materiais bibliográficos.

16.- A cabeceira dun rexistro bibliográfico en formato MARC posúe unha lonxitude de:

- a. **24 caracteres.**



DNI:

SINATURA:

- b. 12 caracteres.
- c. 6 caracteres.

17.- Qué artigo da Constitución Española garante o acceso dos cidadáns aos arquivos?:

- a. Artigo 104.
- b. Artigo 105.**
- c. Artigo 106.

18.- Se, unha vez conseguido por préstamo interbibliotecario un libro da Biblioteca Nacional o usuario solicita lévalo en préstamo persoal:

- a. Non pode facelo se é un tese doutoral.
- b. Como ten carné de préstamo pode facelo.
- c. Os documentos que chegan á biblioteca por préstamo interbibliotecario non poden saír dela.**

19.- Cál destes fondos dunha biblioteca pública se consideraría excluídos do expurgo?

- a. Manuais.
- b. Fondo de tema local.**
- c. a e b son correctas.

20.- Segundo as normas de préstamo que se aplican no catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, cuántos documentos pode ter en préstamo, como máximo en toda a rede, unha entidade?

- a. 80 Documentos.
- b. 120 Documentos.**
- c. 105 Documentos.

21.- Cál das seguintes infraccións están constituídas como graves na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia?

- a. O deterioro culposo do mobiliario da biblioteca, dos seus materiais e recursos de información, así como do inmovible no que se sitúa a biblioteca.
- b. Incumprimento inxustificable do deber de permitir o acceso das persoas usuarias para a consulta e o estudo dos fondos da biblioteca.
- c. O deterioro doloso do mobiliario da biblioteca, dos seus materiais e recursos de información, así como do inmovible no que se sitúa a biblioteca.**

22.- Segundo a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, qué estrutura ten?.



DNI:

SINATURA:

a. Bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas municipais territoriais, bibliotecas de proximidade e bibliotecas privadas.

b. Bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade, bibliotecas locais e servizos bibliotecarios móbiles.

c. Bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade e bibliotecas privadas.

23.- Cómo se denomina a biblioteca dixital de Galicia?

a. Galiciana.

b. Galicia Dixital.

c. GaliciaLe.

24.- Cáles son os valores primarios dos documentos?

a. Aqueles que emanan da información contida nos documentos, que pode ser utilizada como fonte para a investigación histórica.

b. Aqueles que, determinados por factores tales como seu contido, soporte, a presenza de sinaturas, selos ou elementos ornamentais, condicionan a súa taxación económica.

c. Aqueles que van unidos á finalidade inmediata pola cal o documento fora producido por unha institución coma testemuña das súas actuacións.

25.- Cál dos seguintes tipos de documentos poden ser eliminados sen necesidade de ser sometidos a un proceso de valoración documental?

a. Os documentos e expedientes electrónicos.

b. A documentación de apoio informativo.

c. Os documentos e expedientes en papel unha vez que foron dixitalizados.

26.- Qué fase do tratamento arquivístico é a encargada da investigación e sistematización das categorías administrativas e arquivísticas nas que se sustenta a estrutura dun fondo?

a. A fase de valoración.

b. A fase de identificación.

c. A fase de descrición.

27.- A sede das institucións autonómicas fíxase por unha lei de Galicia para cuxa aprobación se require o voto favorable :

a. As tres quintas partes de membros do Parlamento.

b. As dúas terceiras partes de membros da Xunta.

c. As dúas terceiras partes de membros do Parlamento.



DNI:

SINATURA:

28.- De conformidade co art. 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os orzamentos xerais das entidades locais constitúen:

- a. A expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade e os seus organismos, e dos dereitos que se prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como a previsión de ingresos e gastos das sociedades mercantís
- b. A expresión cifrada, conxunta e sistemática dos dereitos e obrigas da entidade e dos seus organismos autónomos.
- c. **A expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade e os seus organismos, e dos dereitos que se prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como a previsión de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.**

29.- De acordo ao establecido polo texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, son funcionarios de carreira:

- a. **Quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha Administración Pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.**
- b. Quen, en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, están vinculados a unha Administración Pública por unha relación regulada polo Dereito Laboral para desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.
- c. Os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias do persoal directivo profesional.

30.- Os empregados públicos, segundo o Estatuto Básico do Empregado Público, clasifícanse en:

- a. Funcionarios de carreira, funcionarios interinos e persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal.
- b. Funcionarios de carreira, persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal e persoal eventual.
- c. **Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal e persoal eventual.**

31.- Cal é a norma española de descrición arquivística?

- a. NDA
- b. NDA (E)
- c. **NEDA**



DNI:

SINATURA:

32.- En arquivos, a que se correspondese a seguinte definición: "Instrumento de referencia no que se describen unidades documentais"?

- a. Inventario
- b. Guía
- c. Catálogo**

33. De conformidade co artigo 62 da Constitución Española, convocar referendo nos casos previstos na Constitución correspóndelle a:

- a. O Rei.**
- b. Os Presidentes do Congreso e do Senado de forma conxunta.
- c. O Presidente do Goberno.

34. A Constitución Española garantiza a autonomía dos municipios.

- a. Si.**
- b. Non, a norma que garantiza a autonomía municipal é a Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.
- c. Son os estatutos de autonomía os que recollen esta autonomía.

35.- Segundo a Constitución Española ¿cáles dos seguintes son dous dos valores superiores do ordenamento xurídico?

- a. Dereito de reunión e asociación
- b. Liberdade de sindicación e dereito á educación
- c. A igualdade e o pluralismo político**

36.- Respecto da organización municipal, son órganos necesario, en todo caso, en Concellos de menos de 5.000 habitantes:

- a. O pleno, a xunta de goberno, as comisións informativas e a comisión especial de contas.
- b. O pleno, a xunta de goberno e a comisión especial de contas.
- c. O pleno e a comisión especial de contas.**

37.- Necesítase o voto favorable no pleno da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para:

- a) A modificación do Regulamento orgánico propio da Corporación.**
- b) A aprobación definitiva do orzamento municipal.
- c) A aprobación das ordenanzas fiscais municipais.



DNI:

SINATURA:

38.- A Comisión Especial de Contas está integrada por:

- a. Todos os membros da corporación.
- b. Os voceiros dos grupos políticos.
- c. Membros de todos os grupos municipais.**

39.- Sinale a resposta incorrecta: Para a aprobación das Ordenanzas Fiscais, os Concellos:

- a. Publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no Boletín da provincia, ou no seu caso da comunidade autónoma uniprovincial.
- b. Os Concellos de poboación superior a 5.000 habitantes deberán publicalos, ademais nun xornal de maior difusión da provincia ou da comunidade autónoma uniprovincial.**
- c. Os acordos provisionais adoptados polas Corporacións para a aprobación das súas ordenanzas, se expoñerán no Taboleiro de anuncios da Entidade Local polo prazo de un mes, como máximo, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e formular as reclamacións oportunas.

40.- A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes...

- a. É de aplicación a toda persoa física ou xurídica, que se atope en territorio español, con independencia da súa nacionalidade, domicilio ou residencia.**
- b. É de aplicación a toda persoa física, que se atope en territorio español, con independencia da súa nacionalidade, domicilio ou residencia.
- c. É de aplicación a toda persoa física ou xurídica, que se atope en territorio español, con independencia da súa nacionalidade, domicilio ou residencia, salvo que se atope nunha comunidade autónoma que conte coa súa propia lei de igualdade de modo que xa non será de aplicación a Lei Orgánica 3/2007.



DNI:

SINATURA:

PREGUNTAS DE RESERVA:

1.- Indique cal dos seguintes enunciados non supón un límite ao dereito de acceso aos arquivos públicos segundo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

- a. A seguridade nacional.
- b. A seguridade pública.
- c. Os actos de decisión das Administracións Públicas.**

2.- Cal dos seguintes campos MARC21 é repetible?:

- a. 245 mención de título.
- b. 500 nota xeral.**
- c. 100 punto de acceso principal, nome de persoa.

3.- Segundo o disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de:

- a. Un mes.
- b. Dous meses
- c. Tres meses.**

4. A clasificación bibliográfica...

- a. É agrupar os libros de características comúns por razón dos seus contidos**
- b. En ningún caso a clasificación pode ter un carácter provisional.
- c. As dúas respostas anteriores son certas.

5.- Qué tarefas formarían parte da conservación preventiva?

- a. A protección individual dos obxectos con intervencións directas para retardar a alteración dos materiais.
- b. A intervención sobre os bens culturais danados ou deteriorados, co propósito de facilitar a súa comprensión, respectando, ata onde sexa posible, a súa integridade histórica, estética e física.
- c. As actuacións destinadas a dotar a unha colección de mellores condicións ambientais de conservación e a promover un uso que non provoque a súa deterioración física, xunto coas medidas de seguridade ante roubo e sinistros.**